


PEDRAFITA DO CEBREIRO - SANTIAGO DE COMPOSTELA



SINALIZACIÓN EUROVELO



RECOMENDACIÓNS

- *Recoméndase o uso do casco.*
- *Non esquezas revisar o estado da bicicleta.*
- *Infórmate sobre aspectos técnicos da ruta e sobre a meteoroloxía do día.*
- *Sempre debes levar auga, roupa de abrigo, kit de reparacións e o teléfono móbil ben cargado.*
- *Debes obedecer a sinalización da ruta, dar prioridade aos peóns e cumprir coas normas xerais de circulación.*
- *Podes descargar os tracks de Eurovelo Galicia na páxina web www.turismo.gal*
- *Podes contribuír ao mantemento da ruta informando sobre posibles incidencias no estado e sinalización da ruta no email btt@xunta.gal*

EMERXENCIAS:
112

SECCIÓN 17 (Pedrafita do Cebreiro – Sarria)

A EuroVelo 3 “galega” comeza na localidade de Pedrafita do Cebreiro e logo sobe ata a aldea do Cebreiro, situada a 1.300 m de altitude entre as serras do Courel e dos Ancares. O Cebreiro é de orixe prerromana e é famoso polas súas típicas pallozas co teito de palla de centeo. Esta primeira etapa permite visitar outros lugares emblemáticos da ruta, como a localidade de Triacastela, o sorprendente mosteiro de Samos e a vila de Sarria. O percorrido tamén ofrece fermosas paisaxes de media montaña e numerosos exemplos de arquitectura popular galega.




DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
61,1 km	1.187 m	1.876 m	1.338 m	419 m	1.110 m	420 m

Pedrafita do Cebreiro	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
O Cebreiro	✓	✓	✗	✗	✓	✗	✗	✗	✗
Triacastela	✓	✓	✗	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Samos	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Sarria	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✓	✓

SECCIÓN 17
PEDRAFITA DO CEBREIRO - SARRIA



SECCIÓN 18 (Sarria – Melide)

A segunda etapa atravesa extensas zonas de prados e carballeiras en dirección ás ribeiras do río Miño, para despois cruzar a ponte que leva á vila de Portomarín, rescatada das augas tras a construción dun encoro e trasladada a esta nova localización. Palas de Rei é unha boa referencia para abastecerse antes de dirixirse á vila de Melide, onde remata esta sección. En Melide encóntrase o que posiblemente sexa o cruceiro máis antigo de Galicia. Tamén hai que probar o polbo á feira nalgunha das súas afamadas polbeiras.




DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
69,5 km	1.458 m	1.424 m	723 m	350 m	420 m	453 m

Sarria	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✓	✓
Portomarín	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Palas de Rei	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Melide	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓

SECCIÓN 18
SARRIA - MELIDE



SECCIÓN 19 (Melide – Santiago de Compostela)

A última etapa visita a localidade de Arzúa, unha das capitais do queixo de Galicia. A través da coñecida como “Ruta dos Holandeses”, pola estrada comarcal AC-240, visitanse os concellos de Touro e Boqueixón ata chegar á Cidade da Cultura, que nos dá a benvinda a Santiago de Compostela. A capital de Galicia é unha cidade chea de atractivos de todo tipo, cun centro histórico tan ben conservado que lle valeu a declaración de Patrimonio da Humanidade.



DATOS XERAIS DA RUTA

Distancia	Desnivel +	Desnivel -	Altitude máxima	Altitude mínima	Altitude saída	Altitude chegada
66,2 km	1.159 m	1.361 m	455 m	144 m	453 m	252 m

Melide	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Arzúa	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Touro	✓	✓	✓	✓	✓	✗	✗	✓	✓
Santiago de Compostela	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

SECCIÓN 19
MELIDE - SANTIAGO DE COMPOSTELA

